

O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



Fragmento do cartel dos Maíos 2025 (María Méndez)

<<Onte durante o día foi un centro de expansión e de alegría; de música, de baile y de ruído o fermoso barrio de Canido, que envidia da a Esteiro cuberto de fiuncho e viauteiro. Alí arcadas e flores e bandeiras tamén multicolores, flámulas, pabellóns, gallardetes e colchas, crespones e tapetes. Alí a gaita co seu fol enchido por álxido alborozo, e o tamboril ao lado tamén tremendo de gozo. Deslizándose alí as leves horas entre danzas, brincos e piroetas. E bombas de palenque atronadoras, poñendo en conmoción aos planetas. E alí a tanta expansión e a tanto grito da veciñanza enteira brindolle os seus brazos de granito a alta Cruz do Cruceiro. E o tío Josefón alí en persoa, como a tía Antona, tomaban parte no común contento os dous representando á Tafona e ao Muíño do Vento, en tanto que Chapón dende o Corral presidía a festa xeral. En fin, que onte para aquel barrio foi un día de xolda verdadeira e probouse que aínda non caeu Canido e aínda quedanos un Cruceiro. Nota. Advirto á prensa, de pasada, que non é ningún cruceiro da Armada. >>

EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola
Antonio Casal Velázquez
Guillermo Castro Peccis
Celia Fernández Alvaríño
Maica R. Freire



TOLDO DA TAFONA, DIGNIFICANDO VIDAS DA MAN DA VECIÑANZA

Non somos quen de atopar unha referencia exacta sobre a data na que se iniciou o Toldo da Tafona, pero é máis que probable que nos esteamos aproximando ao seu 60 aniversario. As veciñas máis veteranas do barrio sitúan ao redor do ano 1966 a data na que se produce aquel primeiro encontro veciñal -frente ao Cristo da Tafona- coa finalidade de recadar fondos para a Parroquia de Santa Cruz cun pipote de viño e comida achegada pola freguesía. Este feito converteuse en estandarte dunhas festas patronais fundamente solidarias.

Pasou xa moito tempo daquel primeiro Toldo. Mais, agás algún parón puntual, mantense inalterable como o evento máis antigo dos que se conservan das tradicionais Festas de Santa Cruz de Canido, xerando un sentimento de pertenza moi arraigado na veciñanza. Ese mesmo espírito e sinxeleza coa que naceu rexe na actualidade: doazóns de hostalería, comercio e veciñanza dan soporte a unha celebración popular que transforma o desfrute de bebidas e tapas en esperanza para as familias máis vulnerables do barrio.

Pero a tradición non é incompatible cos cambios sociais producidos no noso barrio, moito máis diverso e multicultural que nas súas orixes, sendo esta realidade privilexiada a que está a transformar o Toldo nun encontro fraternal xa imposible de organizar sen a participación de homes e mulleres chegados doutras latitudes das que nos reivindicamos irmáns, e que tantos valores comunitarios nos aportan.

Aínda queda moita veciñanza que descoñece o labor do Toldo e mesmo hai quen o confunde cun posto de comidas máis, pedindo a mesma dilixencia que aos profesionais da hostalería e discute os prezos das consumicións, cos que equilibramos ingresos e gastos. Temos unha importante tarefa por diante para mellorar a nosa comunicación para conseguir que se entenda ben que todo o que facemos, que é sempre en beneficio de terceiras persoas en situación de vulnerabilidade.

Non podemos finalizar sen reiterar a nosa gratitude a todas as persoas que fan as súas achegas, tanto con produtos para a súa venda como a aquelas que os mercan, coa comprensión de quen ve máis aló da súa tapa e da súa bebida un proxecto co que tentamos dignificar a vida de moitas familias do barrio cos escasos recursos cos que dispoñemos, e un apoio sen fisuras ao comercio e hostalería locais que promoven o traballo digno que libera ás persoas da escravitude da pobreza.

Vémonos no Toldo o 4 de maio!

Texto e foto: Equipo de Cáritas Parroquial de Santa Cruz de Canido





OS MAIOS DE CANIDO

A tradición dos maios está presente na miña casa moito antes de que eu nacera. Recordo, durante a miña nenez, o proceso de elaboración daqueles primeiros maios presentados nunha mesa plana, sempre cun mantel branco con encaixe sobre o que colocabamos os pétalos, o “verde” e algunha imaxe ou estampa relixiosa.

Os maios sempre estiveron integrados nas festas de Canido, xa que se facían para homenaxear a Santa Cruz de maio. Contaba Reme, miña nai, que, cando era pequena, pasaba polas casas pedindo unha mota para a Santa Cruz de maio. Ela foi tamén a encargada de adornar o Cruceiro de Canido cun grupo de veciñas e amigas que colaboraban coa parroquia en diferentes actividades vencelladas á igrexa, punto de reunión da veciñanza. Non obstante, eran unhas mulleres modernas nun tempo antigo, pois valoraban o barrio por riba de todo. Elas tiñan as súas crenzas, nas que se atopaban cómodas, pero non impoñían; ensinaban coa esperanza que ti viras a fe como elas, pero se non era así, tamén lles valía. E si os maios eran quen de xuntar a súa vida de fe con outra vida máis laica, benvido era.

Unha maneira de *facer barrio* na que ninguén podía sentirse incómodo: todos tiñan cabida. Na adolescencia, os seus fillos seguimos coa tradición. No meu caso, co meu grupo de amigos, empezamos a construír estruturas piramidais de madeira recubertas de rede metálica, onde tecíamos as nosas creacións florais. Isto marcou a miña vida de tal forma que sentín a necesidade de trasladarllo aos meus fillos que, coa axuda da miña muller, manteñen viva a tradición.

Actualmente, fabricamos todo tipo de estruturas, as últimas con forma de hórreo e de muíño. Eu non fun o único que continuou coa tradición, xa que



as miñas irmás elaboran os seus maios ano tras ano e tamén trasladan a tradición aos seus netos que veñen a facer barrio con toda a familia.

Os nenos van aportando as súas propias ideas para os maios, engadindo novas figuras, como un dos últimos que foi en forma de Meninas, pola relación destas co barrio.

Xeralmente, fanos portantes e os pasean polas rúas de Canido para darlles máis visibilidade. Realízanse o primeiro domingo de maio, facéndoo coincidir co Toldo solidario da Tafona, no que cada veciño doa comida e bebida para recadar fondos para a xente necesitada do barrio.

A vida das rúas Alegre e Alonso López e das prazas do Cruceiro e Tafona contaxian a moitos visitantes a unirse á festa cos sons das gaitas e as cantadas da xente, lembrándonos de veciños como Tonecho ou Carlos Zahera, que eran uns fixos desta tradición.

Creo que a tradición dos maios seguirá moi viva da man dos nosos fillos e netos, de veciños como a familia de Toni Hermida, a súa muller Dolores e os seus fillos, puntais insubstituíbeis nos maios e no engalanamento do Cruceiro, e doutros moitos veciños e veciñas que nunca deixarán que a tradición morra.

Texto e foto: Alberto

OS MAIOS DECIMONÓNICOS DE CANIDO

A nosa historia local

As máis antigas testemuñas ao respecto da celebración dos maios en Canido remóntanse non máis aló do século XIX, momento no que os xornais recollen as primeiras novas sobre a celebración. Se ben, é probable que a tradición vira xa de antes, mais non existe -ou polo menos non a coñecemos- documentación previa ao respecto da celebración da festa dos maios no barrio de Canido. Nunha descrición destes maios decimonónicos podemos destacar unha serie de elementos fundamentais:

- **As esmolas:** Ao igual que noutros momentos de tránsito, na festa de celebración da primavera e da floración aparecen os ritos petitorios. De tal xeito que, existen claras semellanzas cos aguinaldos do nadal ou as esmolas de defuntos. En todos os casos a infancia é a auténtica protagonista destas colectas, sen distinción entre ricos ou pobres; o que amosa que en orixe estas prácticas non teñen relación coa mendicidade. Durante os maios as doazóns solicítanse en prol da Cruz de Maio e, do mesmo xeito que noutros ritos de cuestación, pode acompañarse estas peticións duns versos entoados. Cómpre destacar que no século XIX os donativos para os maios efectúanse somentes en forma de diñeiro.
- **Os maios humanos:** Entre a rapazada esmoleira existe unha figura principal, interpretada por un deles, vestida para a ocasión con adornos vexetais e que camiña baixo os arcos portados polos seus compañeiros. Outra variante é a das cativas tamén engalanadas con elementos vexetais e levadas en andas dentro de estruturas ornamentadas.
- **As arquitecturas vexetais:** Estructuras en forma de arcos, bóvedas e templetos, recubertas por flores e herbas aromáticas, son construídas pola veciñanza, nun traballo interxeracional no que participan tanto mozos e vellos. Estas construcións fan a súa aparición nos percorridos da infancia na procura das mencionadas esmolas. Tamén, cara o final do século XIX, elabóranse os maios altares.
- **A Santa Cruz:** Asociada á veneración da Santa Cruz, o día 3 de maio a Canido sube unha rogativa dende San Xulián ou Nosa Señora do Socorro, para bendecir os frutos da colleita. O acto relixioso prodúcese ao carón dun cruceiro engalanado para ocasión, pola veciñanza do barrio, con adornos vexetais.

Xunto a ornamentación do cruceiro os maios en forma del altar chegaron ata nos como parte dunha rica tradición que, cara finais do XIX, atopábase nun fondo proceso de transformación.





OS MAIOS DE CANIDO: A NOSA CULTURA

Maio é un mes propicio para reflexionar sobre a identidade que queremos construír para cada quen e como parte do colectivo ao que pertencemos.

Comeza o mes co 1º de Maio, Día internacional da clase obreira. Este é o día, de conmemoración e reivindicación dunha historia de loita permanente pola emancipación dunha clase que, pese a ser o pilar fundamental sobre o que descansa a creación da riqueza social, foi, durante moito tempo condeada a unha situación de explotación sen regras. Pouco a pouco, con moito sacrificio e sufrimento, foi conquistando regulacións que melloraban a xornada laboral, as condicións de seguridade laboral, abolían o traballo infantil... Regulacións que, pese a todo, seguen a ser vulneradas en todo o planeta (e non só nos países alleos). A loita obreira, a loita pola emancipación das clases oprimidas e o recoñecemento dos dereitos laborais e republicanos, permanece vixente e permítenos construír unha parte da nosa identidade tomando como referencia a unha clase, humilde e orgullosa, para mellor defender a igualdade e combater a pobreza.

En Canido, nos primeiros días do mes, celebramos os Maíos, as festas do noso barrio, a unidade urbana na que desenvolvemos as nosas vidas cotiás. Son moitas as persoas que traballan día a día para construír un barrio acolledor e que se arme con instrumentos e ferramentas para facilitar a nosa vida colectiva e o coidado mutuo entre toda a veciñanza ao longo de todo o ano.

A Asociación Veciñal e a Intrabarral (espazo de encontro no que conflúen as entidades sociais do barrio) traballan arreo para que estes primeiros días do mes se desenvolvan cun programa festivo, participativo, colaborativo e solidario. Non todos os modelos de celebración de festas de barrio son iguais nin teñen a mesma orientación. A colaboración das diferentes asociacións radicadas no noso barrio é unha garantía de que o programa festivo responde ás principais inxerencias do tecido social existente. A participación da veciñanza asegura o seu éxito.

O 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas. A nosa lingua e a cultura que sobre ela se edifica nos constrúe individual e socialmente. A *Real Academia Galega* acordou dedicar o ano 2025 á Poesía popular oral. As cantigas populares e a poesía popular oral están presentes en cada momento das nosas vidas, sexan de celebración ou de pésame. Para todos eles hai unha letra popular que sintetiza unha visión colectiva, visión que ás veces hai que defender e outras someter a crítica para cambiar as nosas vidas.

Así é como Maio nos ofrece tres elementos, vivos e en constante evolución, que podemos adoptar como claves para a construción da nosa identidade persoal e colectiva: unha clase, a obreira, un barrio, Canido, e unha cultura, a propia da nación galega.

O CANIDO NOS MAIOS

Foi Remedios Varela Cachaza a persoa de maior importancia na conservación das tradicións no barrio, e que lles transmitiu a todas as rapazas de xeracións posteriores o valor de manter as festas populares. Ademais de participar elaborando maios na súa infancia colaboraron noutras actividades do barrio e durante a súa adolescencia foron aos bailes das flores que se organizaban no mes de maio.

Esta era unha moda mais urbana que se estreara en Ferrol a finais do século XIX e que comezara no barrio de Canido no ano 1934. A organización destes bailes correu a cargo dunha asociación de carácter deportivo chamado por entón “*Canido Sport*” e que evolucionou participando no barrio con outras actividades culturais e que na década dos 40 quedou rexistrada como “*Sociedad Recreativa y Deportiva Canido*”.



- “*Al primer baile que fui se hizo en el local de la calle Alonso López. Después ya se hizo en el local actual de la calle Insua. Hacíamos la ropa nosotras mismas, pero antes nos cortaba los trajes Remedios Varela, que era la que sabía. En el baile se escogía la reina de las fiestas y a las damas de honor. Regalaban ramos de flores y lo pasábamos muy bien porque eran nuestras fiestas.*”- (Maru Fernández)

-“*Siempre fuimos a la fiesta muy elegantes. No nos gustaba ir de jersey y falda, queríamos ir con nuestros vestidos.*”- (Chicha López)

Texto: Ánxela Loureiro Fernández, “*Maios en Canido e Canido en Maio*”(Ferrol Análisis 33, Decembro 2021) Imaxe tratada dende fotografía publicada en Edicións Embora.

O BARRIO QUE QUEREMOS

Novo parque Canino na rúa Lili

Unha petición veciñal, fortemente demanda, está a piques de facerse realidade. O novo parque canino está a punto de inaugurarse, sitúase nunha parcela na rúa Manuel Arias “Lili”, duplica o espazo do anterior e conta con peche perimetral ríxido, mobiliario de adestramento, bancos e puntos de auga e luz. Hai algunhas melloras a propoñer e so queda a conexión de auga para facer realidade o novo espazo.





bosque comestible

Amalín Niebla

NATUREZA NO BARRIO

Queremos presentar o proxecto de Bosque de Alimentos "**Bosque de Amalín**", que desenvolvemos na parcela contigua ao lavadoiro de Ínsua. Arrincou en 2022 grazas á cesión de uso da parcela por parte de **Amalín Niebla**, tras decatarse do gran traballo que se fai nas hortas comunitarias. Sen pedir máis que o seu mantemento responsable, permitiu transformar un lugar sen uso **nun espazo aberto á comunidade**. E aí arrinca a aventura.

Durante estes anos, a nosa motivación como voluntarias foi cocrear un espazo ecoloxicamente sostíbel, un campo de probas no que divertírnos e pasar días de traballo moi enriquecedores, unha alternativa de ocio e un lugar onde recuperar a **maxia da axuda mutua que practicaban as nosas avoas** nas leiras das aldeas do país.



Desenvolvemos diferentes cursos formativos cos fondos que en grande parte se obtiveron nas edicións do festival "**Agro Cabaré**", que unificou as ganas de festa coas ganas de colaborar co proxecto. Actualmente, a liña de traballo que estamos a desenvolver é principalmente a **agricultura sintrópica**, coa asistencia de **Jaime Otero Páramo**, un dos principais referentes na península neste método, que establece sistemas de plantación baseados **no comportamento dos bosques** onde colaboran, sempre en marcos moi próximos de plantación, **todos os estratos e tipos de plantas posibles**: arbóreas, arbustivas, herbáceas, trepadoras... Así, disfrutamos de ver xuntas árbores de gran porte con froiteiras e plantas de horta, froitos do bosque, aromáticas e diferentes tubérculos. Xestionamos o bosque colocando cada cousa no seu mellor lugar e facendo manexo a través das podas. A cuestión de base é que non todas chegarán á idade adulta como árbores illadas, senón que moitas delas serán rebaixadas ou incluso cortadas para dar paso ás seguintes.

Podemos facer o símil cun sistema social de colaboración, onde as maiores coidan das pequenas ata que xa non o precisan, deixando lugar para as xa productivas, que alimentan os demais habitantes do sistema: vexetais e animais (insectos, paxaros, pequenos anfibios....). **Cada ser ten o seu lugar e función.**

Mentres a maxia sucede, consumimos leitugas ou rábanos... e quizais as fillas dalgunha de nós disfruten de pereiras ou aguacates. Queremos xerar un círculo de abundancia material e social, estamos abertas a **novas colaboracións**. Podedes contactar coa Asociación Veciñal para máis información e baixar a curiosar libremente, cun par de regras importantes: non arrincar as plantas e ter coidadiño de onde pisar, porque pode ser que alguén ande a medrar.

Texto e fotos: Colectivo Bosque de Amalín





AXENDA DE ACTIVIDADES



día 9

Nova sesión do ciclo **O Barrio é Noso** coa palestra sobre mobilidade na que intervirá a experta en hábitat e sustentabilidade Cristina García Fontán. O día 9 ás 19:30 horas no Centro Cívico.



día 10

Sesión do ciclo **Vermú con letras** ás 10:00 horas no Centro Cívico, na que se presenta a obra “Diário Comboio”, obra de Raquel Miragaia, presentada por Luz Castro, autora das fotografías do libro.




día 17

Celebración das **Letras Galegas** dende as 13:00 horas con *Zavala*, *As Pías*, *Ferror DJ Set Galiciam Sound*, foliada, pandereitada e xantar con *Juancho Bar*.



día 23

Inauguración de exposición de fotografías **O oficio de lavar** de Xoana Abraira. Presentación no lavadoiro de Ínsua ás 19:00 horas, paseo ate o Centro Cívico, para ver as imaxes, escoitar varias pezas musicais e ágape no ambigú.



EN PROXIMIDADE

Consumir na cercarnía é activar un caballo de Troia crítico no corazón mesmo do sistema, promovendo unha economía máis humanizada. Falamos de empresas locais da man de Hoscompro.

SOCYLEX ABOGADOS - INMOSOCYLEX

Na rúa Andrés do Barro, situada preto da residencia *Mi Casa* e do estacionamento disuasorio, atópase “Socylex”, despacho que ofrece servizos xurídicos en todas as ramas do dereito: bancario, divorcios e dereito de familia, dereito laboral, lei de segunda oportunidade, etc.

Na web www.socylexabogados.es dispoñen de ampla información sobre os servizos ofrecidos e a través da mesma pódese solicitar información. Tamén se pode solicitar cita previa no e-correo epernas@socylexabogados.es ou nos teléfonos 881 935 269 ou 698 169 044.

Socylex leva máis de dez anos establecido no barrio de Canido, ofrecendo servizos xurídicos e inmobiliarios. Na páxina web inmosocylex.es pódese ver a oferta de inmobles que xestionan.

